



UNHA AXENDA CHEA DE ACTUACIÓNS

Desde xaneiro ata decembro, a axenda de Maquía Gaiteiros está chea de compromisos. Ano tras ano, desde a súa fundación, son moitos os lugares ós que os seus seis compoñentes teñen levado as súas melodías. A maioría das

súas actuacións son na comarca, en lugares como o Pazo de Señoráns, Lantaño, Caldas de Reis, Cambados ou Vilanova de Arousa, en celebracións como a Romaría de San Simón (Baión), A Festa do Viticulor (Pazo de Señoráns),

a Romaría Vikinga de Catoira ou como parte do programa Cultural a Pé de Rúa.

As fronteiras pontevedresas cruzáronas para facer soar as súas gaitas en lugares como o Parador dos Reis Católicos en Santiago de

Compostela ou na Festa do Boi en Allariz. Pero como a música non ten límites, mesmo en Alemaña coñecen a Maquía, xa que actuaron varias veces na Kieler Woche, unha das feiras máis importantes que se celebran ó norte do país xermano.

O seu obxectivo e seguir a tradición cultural e popular desenvolvida no pasado

Entre os seus referentes figuran grupos como os Os Campaneiros ou Os Encantiños

Todos os seus compoñentes levan anos tocando en diversos grupos da zona

Actúan por toda a xeografía galega e mesmo no estranxeiro

Contan cun variado repertorio de temas recollidos de vellos gaiteiros

pación de Música e Danza Tradicional de Santa María de Godos no ano 1986 e durante o servizo militar formou parte da Banda de Música militar da Brilat como gaiteiro.

Por último, Modesto Vázquez empezou a súa andadura musical co tambor ós 11 anos, formando parte da Banda de Gaitas do Centro Cultural O Sixto. Ao mesmo tempo recibiu clases da man de Celestino, tamborileiro de Os Campaneiros. Antes da súa incorporación a Maquía, no ano 1999, formou parte do desaparecido grupo de gaitas de A Xunqueira e do grupo Faiscas de Solobeira.

Primeiro coa Agrupación de Música e Danza Tradicional de Santa María de Godos e despois con Maquía, os seis xuntos conseguiron que o soño de recuperar os sons máis tradicionais da súa terra sexa hoxe unha realidade que, a piques de cumprir 30 anos, soa máis forte e viva ca nunca. E malia que moitos se esquezan de poñerlle o til, faino con acento. O acento de Maquía. ■

[...eademais]

30 anos e un soño



A historia de Maquía está ligada a da Agrupación de Música e Danza Tradicional de Santa María de Godos, formación que naceu en 1983 e se mantivo activa ata 1997, chegando a ter ata 90 compoñentes entre gaiteiros e bailaríns. Tras a súa desaparición, seis deles, incapaces de vivir sen o son das gaitas e tambores, refundaron o grupo. Nació así Maquía. Mais non por iso o novo grupo esquece as súas orixes. Maquía e a Agrupación de Música e Danza Tradicional de Santa María de Godos son todo un. Por iso, os seis 'supervivintes' xa están pensando en celebrar como se merece os 30 anos de música que cumpriran en 2013. Tres décadas nas que, salvo o seu amor polos son tradicionais, todo cambiou.

"Antes non había os medios que temos agora, que vas a Internet e tes calquera partitura. Antes aforrabas para comprar unha cinta de Milladoiro na gasolinera e escoitar que temas podías copiar. Era do que bebiamos nós porque os grupos de xente maior eran un pouco reacios. Para eles a música supoñíalles practicamente un soldo, e nós eramos competencia. Agora vas por aí de recollida e son encantadores, pero daquela era unha época difícil para aprender", conta José Manuel Acha. Polos vellos tempos e os que están por vir, a celebración que teñen en mente, se o presuposto o permite, será por todo o alto: "Gustaríanos xuntar a toda a xente que pasou polo grupo, aínda que, por desgraza, xa non están todos", revela Acha. E, como colofón, un soño: "Para nós sempre foi moi especial Milladoiro. Era o espello onde nos mirabamos. Por iso, gustaríanos compartir escenario con eles no 30 aniversario". Aí queda.



Arriba, os compoñentes de Maquía Gaiteiros en Alemaña. Abaixo, nunha actuación en terras galegas.

"Unha festa sen gaiteiros non é festa"

"Máis que un grupo que intenta vivir da música, somos un grupo de amigos que utilizamos Maquía para estar xuntos todo o verán. Somo casi irmáns", afirma José Manuel Acha, o culpable, malia que el rexeita o protagonismo, de que os rapaces de Santa María de Godos aprenderan a tocar a gaita na década dos 80.

Esa amizade edificada ó longo de 30 anos entre gaitas e tambores é o que fai de Maquía un grupo especial. "No tema musical, somos como a maioría dos grupos deste tipo: catro gaitas, tambor, bombo e, ás veces, metemos algo de zanfona. O que nos distingue é a unión que temos entre nós. Seguir xuntos con bo rolo desde o ano 83, mesmo despois de casarnos e ter fillos, é complicado", comenta José Manuel, de 42 anos, que, ó igual o resto dos integrantes deste sexteto, debe compaxinar Maquía coas obrigas dun traballo que pouco

ten que ver coa música. No seu caso, ademais, a súa axenda engrósase coas clases que imparte, a dirección de varios grupos de gaitas e algunha que outra afección deportiva.

Aínda así, todos conseguen sacar tempo para adicarllo a Maquía. "Ensaíamos unha vez á semana un par de horiñas e outra tomando unha cervexa. Iso que non falte", precisa Acha entre risas.

Esa complicidade trasládase tamén ós escenarios. "Cun xesto ou unha mirada xa sabemos o que imos facer. Pero temos erros como o primeiro día -matiza-. E cando nos rimos do compañeiro que meteu a gamba é cando mellor o pasamos. De feito, o que mete a gamba paga a ronda".

Con ou sen "meteduras de gamba", son moitas as lembranzas que acumulan. Entre todas elas, José Manuel quédase coas participacións na Festa do Boi en Allariz.

"É coa actuación coa que estou máis satisfeito. Acabas feito polvo de tocar todo o día pero a xente está cantando contigo, bailando, acompañante...", explica. "O de Alemaña é máis especial porque estás tocando para xente que leva moitos anos alá. Son actuacións máis emotivas, aínda que tocas en escenarios enormes. Pero nós onde mellor o pasamos é a pé de rúa, na Festa do Boi, na Vikinga de Catoira ou en calquera festa pequeniña que vas polas bodegas da xente e invitante a tomar bizcocho, café ou un viño. Aí é onde está a esencia deste tipo de grupos", engade.

Respecto ó presente e ó futuro da música tradicional non ten dúbidas: "Está no mellor. Hai medios por todos lados, bos profesores, hai base e xa se toma a gaita en serio e podes estudar no conservatorio". Sobre a resposta do público, é concluínte: "Unha festa sen gaiteiros non é festa". ■